

ACTIVIDADES 7


Familias xa non nos queda nada

✓ SERIES

-Seguimos coas series e traballando a lóxica matemática para que os peques adquiran importantes habilidades mentais. Para iso, os maiores intentaremos reproducir nun folio o seguinte, e os nenos deberán continuar as series.



3 ANOS



4/5 ANOS

✓ REVISTAS E XORNAIS

Recortar de revistas ou periódicos palabras que empecen pola letra que decidamos. Por exemplo, buscamos palabra por "A". despois, nun folio debuxamos unha A e debaixo pegamos todas as palabras que atopamos.

- 3 anos especialmente vogais
- 4 e 5 anos xa poden buscar consoantes.



✓ AS LETRAS E OS SEUS SONS

Traballaremos a lectoescritura buscando cousas da casa que comecen, por exemplo, pola letra "P".

Por exemplo, metemos nunha caixa ou nunha bandexa... un lapis, unha pedra, un coche etc... e decímoslle ó neno: estou vendo un cousa que empeza por "ppppp" intentando reproducir o son da letra, en lugar de nomear a letra en sí, é dicir, en vez de dicir : empeza por pe, diremos empeza por ppppp . Así o neno deberá coller o obxecto que sexa.

Despois poden intentar plasmar o nome do obxecto en papel, para o que seguiremos a mesma metodoloxía, iremos reproducindo o son de cada letra para que o neno tome consciencia e poda identificalas.

Cos nenos máis maiores, e unha vez que xa comprendan ben o xogo podemos ampliálo, e en vez de reduciarnos os obxectos da caixa, pasar xa a xogar cos obxectos dunha habitación concreta.



✓ QUÉN FALTA?

Para traballar a concentración e a memoria colocaremos nunha mesa ou naha bandexa unha serie de obxectos: animais, coches, bonecos... Pediremos o neno que observe uns segundos e despois que tape os ollos. Faremos desaparecer un dos obxectos, e o neno o abrir os ollo debe recordar os que había e esforzarse en pensar cal é o que desapareceu. Despois podese facer cambiando os roles. Recordade que en función da idade e capacidade de cada neno debedess modificar a cantidade de obxectos que empregades.

- 3 anos podedes empezar con 3 obxectos
- 4 e 5 anos xa con 5 obxectos.